



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Literatura Española do Século de Ouro 2		Código	613G01026
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Pena Sueiro, Nieves	Correo electrónico	nieves.pena.sueiro@udc.es	
Profesorado	Pena Sueiro, Nieves	Correo electrónico	nieves.pena.sueiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo literario de obras en prosa do Século de Ouro español.			

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A17	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.
A18	Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Ter un coñecemento das producións culturais da Humanidade (Arte, Pensamento, Literatura)	A7 A17 A18	B3 B8	
Coñecer os principais autores do Século de Ouro español,e valorar criticamente as súas producións (particularmente os textos en prosa).	A17 A18		



Coñecer as técnicas e método de traballo e análise da ciencias humanas e sociais	A1 A10 A11 A16	B1 B2 B7	C6
Valorar críticamente a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que debe enfrontarse e ser capaz de aproveitala para aprender e desenvolver o coñecemento		B1 B2 B7	C3
Ter capacidade para comunicar os coñecementos adquiridos	A5	B4	C1
Traballar de forma autónoma e con iniciativa			C5
Utilizar as TIC'S para o exercicio como ferramenta de aprendizaxe			C3
Capacidade para interrelacionar os distintos ámbitos da Filoloxía e da Cultura	A9	B5	C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción.	Contexto histórico e filolóxico. O Humanismo renacentista.
2. A prosa no s. XVI	Xéneros e modelos
3. A prosa de ideas	3.1. diálogo 3.2. A prosa epistolar 3.3. As misceláneas 3.4. Outros géneros: paremioloxías, biografías, historiografías, a literatura emblemática
4. A prosa de ficción:	4.1 O relato sentimental 4.2. Os libros de cabalerías 4.3. Os relatos moriscos 4.4. Obras celestinescas 4.5. O xénero picaresco 4.6. A novela corta e as coleccións de contos 4.7 Os relatos bizantinos 4.8 Os libros de pastores
5. O s. XVII.	O Conceptismo
6. A prosa no s. XVII. Xéneros e modelos.	
7. Grandes autores (I). Lope de Vega	
8. Grandes autores (II). Miguel de Cervantes	
9. Grandes autores (III). Francisco de Quevedo	
10. Grandes autores (IV). Gracián	
11. La literatura emblemática. Saavedra Fajardo.	

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	15	0	15
Aprendizaxe colaborativa	8	10	18
Traballos tutelados	0	30	30
Análise de fontes documentais	12	10	22
Lecturas	2	40	42
Eventos científicos e/ou divulgativos	3	0	3
Proba mixta	2	14	16
Atención personalizada	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Nas clases expositivas o ritmo da clase recaerá fundamentalmente no profesor, que tratará de profundizar en cada un dos aspectos máis relevantes das obras e autores nos que se centra o programa e ofrecer e comentar a bibliografía coa que se ha de completar o tema. A exposición do profesor complementarase sempre coa lectura de textos literarios e comentario, e a intervención pertencen dos alumnos que o consideren.
Aprendizaxe colaborativa	Nas sesións de tutorías en grupos reducidos traballaranse os textos con esta metodoloxía
Traballos tutelados	Os alumnos terán que realizar un traballo tutelado ao longo do curso. O tema e a extensión decidiráse coa profesora.
Análise de fontes documentais	Será fundamental traballar coas fontes documentais, tanto bibliográficas, como textos dos autores do Século de Ouro que se estudan en esta materia. Para iso leranse e comentaranse os textos, procederase o seu estudo material, textual, filolóxico e estilístico.
Lecturas	Será fundamental que a lectura dos textos de lectura obligatoria se faga con antelación a explicación dos temas. Ademais de esas lecturas, as clases centraranse nos textos e complementarase con lecturas complementarias.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Ao longo do curso celebraranse diversos eventos científicos ou divulgativos, coma conferencias, etc. sobre os temas obxecto do program ao que é conveniente que asistan os alumnos.
Proba mixta	Ao final do cuadrimestre realizarase unha proba mixta escrita que permitirá avaliar os coñecementos que se obtiveron ao longo deste período acerca da materia. Para aqueles que non superen a proba haberá unha segunda oportunidade no mes de xullo. Será preciso obter unha nota mínima de 4 sobre 10 (e compensar coas outras fontes de avaliación) para poder superar a materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Aprendizaxe colaborativa Traballos tutelados	Os traballos tutelados requirirán de, polo menos, 2 tutorías co profesor antes da entrega. O alumno poderá sempre, se for preciso, requirir a atención personalizada do profesor, tanto nas sesións de tutorías en pequeno grupo nas que se traballe coa metodoloxía da aprendizaxe colaborativa, como nas 6 horas de tutorías semanais que cada docente ten asignadas.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Na avaliación do traballo tutelado terase en conta os seguintes aspectos: a correcta presentación formal, segun os criterios marcados polo profesor, a corrección ortográfica e gramatical, a estruturación adecuada, a claridade expositiva, a orixinalidade e a madurez dos contidos e a utilización de bibliografía e fontes documentais axeitadas ao nivel do alumno e do tema.	50
Proba mixta	En cada unha das oportunidades (final de cuadrimestre e xullo), realizarase nas datas oficiais unha proba mixta que consistirá en unhas preguntas sobre os contidos e un comentario ou un exercicio sobre un ou varios textos. Aplicaranse os mesmos criterios citados anteriormente e, ademais, a adecuación da resposta á pregunta formulada.	50

Observacións avaliación



Só se aceptarán traballos, actividades, etc. que se entreguen na data establecida, en soporte papel, e seguindo as normas para a entrega de traballos escritos.

Non se poderá aprobar a materia sen ter unha cualificación mínima de 4 sobre 10 na proba mixta.

Na segunda oportunidade (xullo), a data de entrega das actividades do alumno será o mesmo día que a fixada oficialmente para o exame.

MOI IMPORTANTE: O alumno será avaliado e calificado sempre que acuda ao exame. Recibirá a cualificación de "NON PRESENTADO" cando non acuda o exame.

Arbitraránse medidas para atender e avaliar aos alumnos a tempo parcial con dispensa académica recoñecida.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Introdución aos Estudos Literarios/613G01005

Lingua e Cultura Clásica/613G01006

Literatura Española/613G01011

Literatura Española Medieval/613G01022

Literatura Española do Século de Ouro 1/613G01023

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías